



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: MC 8/2026 IRC financiada con RLTGX (achega municipal campo de fútbol de Cabanetán)

Expediente: 2026/T002/000008; 2026/G003/000236

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, adopta o seguinte acordo.

Visto o expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos **núm. 8/2026**, coa modalidade de **incorporación de remanentes de crédito**, e vistos os informes da Secretaría e Intervención núm. 65 e 66 do 13/04/2026

No exercicio das atribucións que me confiren as bases de execución do vixente Orzamento en relación co artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e os artigos 47 a 48 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de modificación de créditos **núm. 8/2026**, coa modalidade de incorporación de remanentes de crédito, de acordo ó seguinte detalle:

Altas en aplicacións orzamentarias de Gastos:

Aplicación orzamentaria 2024	Aplicación orzamentaria 2025	Descrición.	Altas / €
342.63200	342.63200	Renovación césped artificial campo de fútbol mun. Cabanetán. Prox. 44.25	40.956,23

Altas en conceptos de Ingresos:

Concepto	Descrición	Incremento / €
870.00	Renovación césped artificial campo de fútbol mun. Cabanetán. Prox. 44.25	40.956,23

O financiamento da incorporación realizarase (art. 48.3.a do *TRLRFL*) do seguinte xeito:

Gasto	Importe do crédito a incorporar	Financiamento		
		Compromisos de ingreso	Remanente de tesourería para gastos xerais.	Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado
Renovación césped artificial campo de fútbol mun. Cabanetán. Prox. 44.25	40.956,23		40.956,23	

Segundo. A Modificación aprobada producirá efectos desde a data desta resolución e incorporaranse á contabilidade xeral a través do correspondente documento MC ou de modificación de créditos (gastos) e do documento de modificación das previsións iniciais do orzamento de ingresos.

Terceiro. No caso de que na execución do proxecto existan economías, realizarase unha IRC/, necesaria para o axuste final do proxecto.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto. No suposto de que o Concello de Lousame acade o financiamento para esta mesma finalidade, con cargo á subvención solicitada á Xunta de Galicia, o Concello de Lousame tramitará a modificación orzamentaria que corresponda financiada coa dita subvención. No momento da súa entrada en vigor, a actual Incorporación de Remanente de Crédito 8/2026, financiada con cargo ao RLTXG quedará automaticamente anulada, sen necesidade de adoptar un novo acordo ao respecto.

Quinto. Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión ordinaria que teña lugar, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Sexto. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso – administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

